

O almofadón de plumas

Horacio Quiroga

Tradución de Luis de la Calle Carballal



O ALMOFADÓN DE PLUMAS

A súa lúa de mel foi un longo calafrío. Loura, anxelical e tímida, o carácter duro de seu marido xeou as súas soñadas pequeneces de noiva. Queríao moito, con todo, ás veces cun lixeiro estremecemento cando volvendo de noite xuntos pola rúa, botaba unha furtiva ollada á alta estatura de Jordán, mudo dende había unha hora. El, pola súa parte, amábaa profundamente, sen dalo a coñecer.

Durante tres meses –casaran en abril- viviron unha dita especial. Sen dúbida ela desexara menos severidade nese ríxido ceo de amor, máis expansiva e incauta tenrura; porén o impasíbel rostro de seu marido continúa sempre.

A casa en que vivían influía un pouco nos seus estremecementos. A brancura do patio silencioso –frisos, columnas e estatuas de mármore- producía unha outonal impresión de pazo enfeitizado. Dentro, o brillo glacial do estuco, sen a máis leve rabuñada nas altas paredes, afirmaba aquela sensación de desapracíbel friaxe. En cruzando dunha peza a outra, os pasos achaban eco en toda a casa, coma se un longo abandono sensibilizara a súa resonancia.

Nese estraño niño de amor, Alicia pasou todo o outono. Non obstante, concluíra por botar un veo sobre os seus antigos soños, e aínda vivía durmida na casa hostil, sen querer pensar en nada ata que chegaba seu marido.

Non é raro que adelgazase. Tivo un lixeiro ataque de influenza que se arrastrou insidiosamente días e días; Alicia non se repuña nunca. Á fin unha tarde puido saír ao xardín apoiada no brazo del. Miraba indiferente a un e outro lado. De súpeto Jordán, con fonda tenrura, pasoulle a man pola cabeza, e Alicia rompeu enseguida en saloucos, botándolle os brazos ao pescozo. Chorou longamente todo o seu espanto calado, redobrando o pranto á menor tentativa de alumiño. Logo os saloucos fóronse retardando, e aínda ficou longo anaco agochada no seu pescozo, sen se mover nin dicir unha palabra.

Foi ese o derradeiro día que Alicia estivo levantada. Ao día seguinte amenceu desvanecida. O médico de Jordán examinouna con suma atención, ordenándolle calma e descanso absolutos.

-Non sei –díxolle a Jordán na porta da rúa, coa voz aínda baixa-. Ten unha gran febleza que non me explico, e sen vómitos, nada... Se mañá esperta coma hoxe, chámeme decontado.

Ao outro día Alicia seguía peor. Houbo consulta. Constatouse unha anemia de proceso agudísimo, completamente inexplicábel. Alicia non tivo máis desmaios, pero íase visibelmente á morte. Todo o día o dormitorio estaba coas luces acesas e en pleno silencio. Pasábanse horas sen ouvir o menor ruído. Alicia adormecía. Jordán vivía case na sala, tamén con toda a luz acesa. Paseaba sen cesar dun extremo a outro, con incansábel teimosía. A alfombra afogaba os seus pasos. Por momentos entraba no dormitorio e proseguía o seu mudo vaivén ao longo da cama, mirando a súa muller cada vez que camiñaba na súa dirección.

Pronto Alicia comezou a ter alucinacións, confusas e flotantes ao inicio, e que desceron logo a rentes do chan. A moza, cos ollos desmesuradamente abertos, non facía senón mirar a alfombra a un e outro lado do respaldo da cama. Unha noite quedouse de socato ollando a fito. Ao momento abriu a boca para berrar, e o seu nariz e beizos cubríronse con gotas de suor.

-Jordán! Jordán! –clamou, ríxida de espanto, sen deixar de mirar a alfombra.

Jordán correu ao dormitorio, e en véndoo aparecer Alicia deu un alarido de horror.

-Son eu, Alicia, son eu!

Alicia mirouno con extravío, mirou a alfombra, volveuno mirar, e após longo pedazo de estupefacta confrontación, acougou. Sorriu e tomou entre as súas a man de seu marido, acariñándoa tremendo.

Entre as súas alucinacións máis teimudas, houbo un antropoide, apoiado na alfombra sobre os dedos, que tiña fixos nela os ollos.

Os médicos volveron inutilmente. Había alí diante deles unha vida que se acababa, desangrándose día a día, hora a hora, sen saber absolutamente como. Na derradeira consulta Alicia xacía en estupor mentres eles a tomaban o pulso pasándose dun a outro a pulsación inerte. Observárona longo anaco en silencio e seguiron ao comedor.

-Chis... -encolleuse de ombros desalentado o seu médico-. É un caso serio... pouco hai que facer...

-Só iso me faltaba! –resollou Jordán. E tamborilou bruscamente sobre a mesa.

Alicia foise extinguindo no seu delirio de anemia, agravado á tarde, pero que remitía sempre nas primeiras horas. Durante o día non avanzaba a súa doenza, mais cada mañá amencía lívida, en síncope case. Parecía que unicamente de noite se lle fose a vida en novas ás de sangue. Tiña sempre ao acordar a sensación de estar esboroadada na cama cun millón de quilos enriba. Dende o terceiro día este afundimento non a abandonou máis. Apenas podía mover a cabeza. Non quixo que lle tocasen a cama, nin aínda que lle amañasen o almofadón. Os seus terrores crepusculares avanzaron a xeito de monstros que se arrastraban ata a cama e gabeaban dificultosamente pola colcha.

Perdeu logo o coñecemento. Os dous días finais delirou sen cesar a media voz. As luces continuaban funebremente acesas no dormitorio e mais a sala. No silencio agónico da casa, non se ouvía máis ca o delirio monótono que saía da cama, eo rumor afogado dos eternos pasos de Jordán.

Morreu, por fin. A serventa, que entrou despois a desfacer a cama, soa xa, mirou un anaco estrañada o almofadón.

-Señor! –chamou a Jordán en voz baixa-. No almofadón hai manchas que parecen de sangue.

Jordán achegouse axiña e dobrouse á súa vez. Efectivamente, sobre a funda, a ambos os lados do oco que deixara a cabeza de Alicia, víanse manchiñas escuras.

-Parecen picadelas –murmurou a serventa após un anaco de inmóvil observación.

-Levánteo á luz –díxolle Jordán.

A serventa levantouno, mais deseguida o deixou caer, e quedou a ollar para aquel, lívida e tremendo. Sen saber por que, Jordán sentiu que os cabelos se lle encrespaban.

-Que hai? –murmurou coa voz rouca.

-Pesa moito –articulou a serventa, sen deixar de tremer.

Jordán ergueuno; pesaba extraordinariamente. Saíron con el, e sobre a mesa do comedor Jordán cortou a funda e envoltura dun tallo. As plumas superiores voaron, e a serventa deu un berro de horror coa boca toda aberta, levándose as mans crispadas ás sens: sobre o fondo, entre as plumas, movendo amodo as patas peludas, había un animal monstruoso, unha bóla vivente e viscosa. Estaba tan inchado que apenas se lle pronunciaba a boca.

Noite tras noite, des que Alicia caíra na cama, aplicara sixilosamente a súa boca –a súa trompa, mellor dito- ás vidallas daquela, chuchándolle o sangue. A picadela era

case imperceptíbel. A remoción diaria do almofadón impedira sen dúbida o seu desenvolvemento, mais des que a moza se non puido mover, a absorción foi vertixinosa. En cinco días, en cinco noites, baleirara a Alicia.

Estes parasitos das aves, diminutos no medio habitual, chegan a adquirir en certas condicións proporcións enormes. O sangue humano parécelles ser particularmente favorábel, e non é raro os achar nos almofadóns de plumas.

FIN